

PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DO XURADO DOS PREMIOS DE INVESTIGACIÓN EN SAÚDE (PISGa)

De acordo co disposto na Resolución do 12 de novembro de 2025 pola que se aproban e se publican as bases reguladoras dos Premios de Investigación en Saúde (PISGa) no ámbito de Galicia, no marco do proxecto Transfiresaúde do Programa de Cooperación Interreg VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento SA304E), emitida pola Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), e conforme ao disposto no artigo 16 das bases reguladoras, establécese o nomeamento do xurado avaliador das candidaturas finalistas.

Designación dos Membros do Xurado

Presidente/a: A persoa titular da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS) ou persoa na que delegue.

Vocais: Unha persoa designada por cada un dos institutos de investigación sanitaria de Galicia:

- IISGS: Directora científica ou persoa na que delegue.
- IDIS: Directora científica ou persoa na que delegue.
- INIBIC: Directora científica ou persoa na que delegue.

Secretario/a: Con voz pero sen voto, elixido/a entre o persoal ao servizo da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS).

Normativa Aplicable

O funcionamento e actuación do xurado rexerá polo sinalado nas citadas bases e polo disposto na sección 3ª do capítulo I do título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Efectividade

A designación terá efecto a partir da publicación da presente PROPOSTA DE DESIGNACIÓN na páxina web de ACIS (<http://acis.sergas.es>) e terá vixencia durante todo o desenvolvemento do proceso de selección dos finalistas dos premios.

Santiago de Compostela, a data da sinatura dixital.

Asdo.: Antonio Gómez Caamaño

Presidente Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS)